

PRIMEIRA ACTA DA XUNTA ELECTORAL

Na cidade de A Coruña e sendo as 18 horas do día 21 de outubro de 2024, reúnense na dirección do C.E.I.P. Ramón de la Sagra, desta localidade, as persoas que máis abaixo se relacionan, nomeadas en virtude do artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, que regula a constitución da Xunta Electoral responsable da organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar, ao obxecto de tratar os seguintes asuntos:

Primeiro.- O Director do Centro, D. Francisco José Mourelo Barreiro que baixo a súa presidencia se realiza a reunión, indica e ofrece copia da documentación (física ou por mail), a tódolos presentes os artigos 30 e seguintes do Decreto 92/1988, do 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario

Segundo.- Seguidamente, en virtude das disposicións antes mencionadas, procédese á constitución da *Xunta Electoral* do Centro, quedando a mesma estruturada da forma seguinte:

- **Presidente:** D. Francisco José Mourelo Barreiro. Director do Centro.
- **Vocais:**
 - D^a M^a Jesús Gantes Pazos
 - D^a Nora Bonilla Martínez (Persoal de administración e servizos)
 - D^a Paula Pena Cabado Representación das nais/pais, titor/a legal.Actúa como *Secretaria D^a Paula Pena Cabado*.

Terceiro.- A Xunta Electoral, unha vez constituída e de acordo coa lexislación vixente, procede a aprobar a publicación das convocatorias dos distintos sectores de representación, así como a publicación dos seus correspondentes censos electorais, e establece o seguinte calendario electoral (elíxense dous representantes do profesorado e dous das familias).

• **Día 24 de outubro:**

- Publicación das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos: profesorado, pais/nais/titor/a legal, PAS.
- Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados (ANUNCIO NA PÁX. WEB da publicación e consulta no taboleiro de anuncios do centro).
- Envío de escrito á ANPA e Concello, solicitándolles a designación dos seus representantes.
- Notificación á comunidade educativa do procedemento de presentación de candidaturas do 25 ao 5 de novembro ata ás 14:00h, elabórase impreso ao efecto.

• **Día 11 de novembro** (Celebración da 2^a reunión da Xunta Electoral):

- Aprobación, proclamación e posterior publicación de candidaturas individuais por sectores de representación e conxuntas se has houber.
- Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións.
- Aprobación de modelo de papeletas e sobres dos distintos actos electorais.
- Sorteio público da designación dos membros das mesas electorais.
- Aviso de presentación de candidaturas conxuntas se as houbera.
- Toma de coñecemento do claustro e do Consello Escolar das normas, candidaturas, etc...

• **Día 12 de novembro:**

Envío de circulares:

- As nais/pais/titores/as legais anunciando as candidaturas do seu sector.
- Citacións para a constitución das distintas mesas electorais.

• **Día 18 de novembro:**

- Envío a todos os sectores de recordatorio da data e horas de votación do seu sector.
- Convócase a terceira e última reunión da Xunta Electoral.

• **Día 20 de novembro:**

Celebración das votacións de:

- Profesorado: das 16:00h ás 16:30h.
- Pais, nais e titores legais do alumnado, das 13:30h ás 18:15 horas.


• **Día 25 de novembro** (Celebración da última reunión da Xunta Electoral):

- Proclamación de candidatos electos.
- Traslado á Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das copias de actas das votacións efectuadas.

E sen máis asuntos que tratar, o Director, como Presidente da Xunta Electoral, levanta a sesión ás 18:30 horas do día, mes e ano ao principio mencionado e que, como secretario/a, dou fe.

A SECRETARIA,


Vº E PRACE:
O PRESIDENTE,




Asdo.: D. Francisco Mourelo Barreiro.



@S VOCAIS,



Asdo.: Dª Paula Pena Cabado



Asdo.: Dª Mª Jesús Gantes Pazos



Asdo.: Dª Nora Bonilla Martínez